

# PROGRAMACIÓN DUN CURSO DE “GALEGO PARA A EDIFICACIÓN”

A lingua galega é a dominante no sector da edificación civil en Galicia. Paradoxicamente esta lingua é escasamente empregada pola comunidade escolar das carreiras relacionadas coa edificación. Coa actividade prevista trátase por unha banda de facilitar a aprendizaxe desta lingua para quen procede doutros ámbitos e de familiarizar no seu uso a que non está afeito a esta práctica. Por outra parte o curso pretende demostrar a proximidade coa lingua portuguesa e a potencialidade desta circunstancia, habitualmente pouco considerada.

## DESTINATARIOS

Alumnos das Escolas de Arquitectura, Enxeñería de Camiños e Arquitectura Técnica da UDC.

Número de alumnos: 20.

Concedido un Crédito de Libre Configuración pola UDC

## AVANCE DE CONTIDOS

- A realidade da lingua galega no sector da edificación.
- Os nomes das cousas.
- Os nomes das partes do territorio.
- O galego na burocracia da edificación.
- Práctica e uso.
- Introducción ao portugués. Especificidades desta lingua, oportunidades.

## DURACIÓN

O curso terá unha duración de 15 horas, repartidas en 8 sesións de 90 minutos e tres horas de actividades complementarias individuais.

Cada semana realizaranse dúas sesións, os días luns e martes, de 16:30 a 18:00h.

## CALENDARIO

O curso celebrarase os días: 7, 8, 14, 15, 21, 22, 28 e 29 de abril. Será preciso asistir a un mínimo de seis sesións para ter dereito ao recoñecemento do CLC.

## OUTROS

O curso desenvolverase na aula V.1, da quinta planta da Escola Técnica Superior de Arquitectura.

Organiza a dirección da ETSAC en colaboración co Servizo de Normalización Lingüística da UDC, que aporta o profesorado.